

Exposición  
**CANDIDA HÖFER**  
***Projects: Done***  
26 febreiro – 23 maio 2010

**'4 PAREDES E UN BANCO'**  
Un programa educativo para escolares  
**Nivel: educación primaria**  
De 6 a 12 anos

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Esta Guía é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada:

**CANDIDA HÖFER**  
***Projects: Done***

Durante a visita abordaremos conceptos como o que significa o MARCO, cal é a súa función, e como ver e gozar a arte contemporánea. Introducimos o concepto de exposición e explicamos o contido da mostra que van ver.

A visita e obradoiro de **Primaria** ten unha duración aproximada de **1 hora y 30 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Seleccionamos algunhas obras e preparamos un percorrido pola exposición para desenvolver a **visita** en función das idades e dos contidos que se intentan transmitir. Procuramos conducila tratando en todo momento de conseguir o auto-descubrimiento, formulando preguntas para que sexan eles mesmos os que ofrezan as respostas ao que están a percibir. Durante a visita a esta exposición centrarémonos en aspectos da educación artística, estética e emocional, utilizando as imaxes como pretexto para traballar a comunicación visual.

A experiencia complétase cun **obradoiro** no 'Laboratorio das artes', o noso espazo de didáctica no primeiro andar, onde os escolares de primaria levan a cabo un proxecto artístico relacionado coa fotografía de interiores.

## A exposición

A nova proposta do MARCO neste ano 2010 é unha exposición individual da fotógrafa alemá **Candida Höfer**, unha das máis importantes representantes da Escola de Düsseldorf, na que se mostra unha selección dos seus traballos dos últimos corenta anos, nunha montaxe realizada polo prestixioso estudio de arquitectura Kuehn Malvezzi.

Baixo o título '**Projects: Done**' inclúense obras de proxectos levados a cabo por Candida Höfer entre 1968 e 2008. O termo 'Project' enténdese aquí como forma de traballo que se desenvolve durante un período de tempo previamente establecido, e/ou que é completado —['Done']— unha vez conseguido o obxectivo formulado. Así, as obras seleccionadas ofrecen este trazo distintivo respecto a outros traballos que poderíamos definir como actividade artística regular.

Nos últimos trinta anos, a artista mostrouse especialmente interesada por fotografar espazos arquitectónicos, interiores de edificios públicos relacionados coa cultura e o coñecemento: bibliotecas, museos, palacios, igrexas, habitualmente baleiros, o que á primeira vista se podería interpretar por un interese meramente arquitectónico. Pero non é así, xa que a artista trata de captar a alma dese espazo, un espazo que a través dos seus detalles nos fala do ser humano e da cultura, e que nos permite obter información valiosa sobre as persoas que non están presentes. Na exposición veremos tamén proxectos anteriores a este interese polo espazo baleiro; proxectos aparentemente diferentes, pero que comparten unha mesma temática e un mesmo interese polo espazo.

Paralelamente a esta mostra, a partir de febreiro de 2010 o departamento educativo do MARCO ofrece unha programación dirixida a escolares e público familiar. '**4 paredes e un banco**' é o nome xenérico deste programa de actividades, visitas e talleres. As visitas e talleres para escolares preséntanse como unha oportunidade para observar, para aprender a mirar e a descubrir o que unha imaxe pode contarnos. Pretende ademais achegarnos ao mundo da fotografía, descubriendo as súas posibilidades como técnica artística.

Se desexas máis información sobre a exposición podes solicitala ao departamento didáctico, ou ben acceder a ela directamente na nosa web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com). No apartado **EXPOSICIÓNS TEMPORAIS/+INFO** atoparás a síntese do proxecto expositivo, información sobre a artista, entrevista con Candida Höfer e co arquitecto encargado da montaxe, e imaxes da exposición. Tamén, na Biblioteca-centro de documentación do MARCO preséntase unha exposición bibliográfica con selección de catálogos individuais dos fotógrafos máis importantes da Escola de Düsseldorf.

## Posibilidades didácticas

A denominación do programa, '**4 paredes e un banco**', alude á utilización de espazos arquitectónicos, especialmente interiores, como tema recorrente na obra desta artista. Espazos que falan sobre os que os habitan, e que desta forma nos permiten, como espectadores, comentar o que son e o que significan dende a distancia ou a proximidade que implica a imaxe fotográfica.

O programa didáctico en torno á obra de Candida Höfer pretende potenciar habilidades de observación e percepción visual: unha mirada intelixente, creativa e activa que esperte nos escolares o pracer pola observación, polo descubrimento e pola arte.

Conscientes da sobreexposición de estímulos visuais á que estamos sometidos, e de como isto pode chegar a cegar ou desinteresar a nosa mirada, esta proposta procura que os participantes aprendan a mirar, a ser quen de ver e interpretar unha información visual.

Nun primeiro nivel, preténdese activar unha mirada '**analítica**', potenciando habilidades de observación e identificación de elementos que corresponden a unha análise visual ou formal da imaxe, que se nos presenta como un medio de comunicación e unha vía de coñecemento do noso contorno.

En segundo lugar, preténdese potenciar unha mirada '**sensitiva**' a través da interpretación das obras e da estimulación da capacidade sensorial, propoñendo aos participantes viaxar ao interior destas fotografías. As imaxes da artista presentan arquitecturas e espazos que nos remiten a persoas, animais ou cousas que os habitan. Nesta segunda fase as fotografías convértense en espazos de traballo onde experimentar e sentir, onde atopar personaxes e historias; non só espazos para mirar senón para entrar e participar.

Nunha terceira fase centrámonos nunha mirada '**creativa e artística**' a través de diferentes actividades propostas nos talleres, que xiran en torno á fotografía, á arquitectura e á creación de imaxes. Aquí a fotografía convértese nun medio a través do cal crear unha obra ou proxecto artístico.

O programa '**4 paredes e un banco**' comprende tres partes complementarias: actividades para antes da visita, visita e obradoiro no museo, e actividades para despois da visita. As actividades anteriores permiten abordar na aula conceptos prácticos para motivar e espertar o interese do alumnado, e unha vez no museo axudaranlles a seguir máis activamente o desenvolvemento da visita e taller. As actividades posteriores pretenden ampliar cuestións que

xurdiron durante a visita; afondar nas ideas, temas ou conceptos que suxiren as obras, e en métodos de traballo da arte contemporánea.

Durante a visita procuramos espertar o auto-descubrimento, desenvolvendo habilidades de observación, percepción, reflexión e interpretación. No 'Laboratorio das Artes', o espazo de didáctica situado no 1º andar, a aprendizaxe desenvólvese de forma activa, ofrecendo aos participantes a posibilidade de actuar dende o punto de vista do artista.

En suma, este programa educativo pretende ofrecer claves para lograr a comunicación do alumnado coas obras. O obxectivo final é contribuír a mellorar os mecanismos de percepción e fomentar o interese e respecto pola arte contemporánea.

Exposición  
**CANDIDA HÖFER**  
***Projects: Done***  
26 febreiro – 23 maio 2010

**'4 PAREDES E UN BANCO'**  
Un programa educativo para escolares  
**Nivel: educación primaria**  
De 6 a 12 anos

**Idades:** de 6 a 12 anos

### **Conexión con materias**

- Educación artística
- Coñecemento do medio natural, social e cultural

### **Obxectivos xerais**

- Educar a mirada
- Aprender a ver e a falar dunha imaxe fotográfica
- Coñecer o método de traballo de un fotógrafo
- Analizar visualmente unha imaxe
- Traballar técnicas de observación e descrición
- Fomentar actitudes de tolerancia e respecto
- Promover a participación, a comunicación e o diálogo

### **Habilidades e capacidades a desenvolver**

- Observación
- Análise visual
- Espírito crítico
- Creatividade
- Percepción
- Sensibilidade estética
- Aprendizaxe en equipo
- Comunicación verbal e artística

### **Proposta didáctica**

- Actividades para antes da visita (OPCIONAL)
- A visita á exposición
- O obradoiro no MARCO
- Actividades para despois da visita (OPCIONAL)

## Actividades para antes da visita [OPCIONAL]

### 1. Recordos de familia

#### Tipo de actividade

Actividad de investigación personal y montaje de una exposición

#### Duración

1 sesión de 50 minutos y trabajo extraescolar

#### Descrición

Durante a exposición que visitaremos no MARCO descubriremos unha artista que utiliza a fotografía como medio de expresión. Observaremos as súas imaxes analizando os seus elementos para saber como e por que fai fotografías.

Candida Höfer é unha namorada do espazo, da arquitectura, porque cre que ao observar a imaxe dun espazo concreto podemos coñecer moitas cousas sobre a súa función, a súa historia, e sobre as persoas que o habitan. Considera as imaxes como páxinas dun libro que nos contan paso a paso unha historia.

Algo así acontece tamén cando abrimos un álbum familiar: cada unha das imaxes é un recordo dun momento e dun lugar determinado; como unha páxina un libro que conta unha parte da nosa vida.

#### Primeira parte

Pedimos aos alumnos que traian unha fotografía do seu álbum familiar. Deberán seleccionar unha na que se mostre unha arquitectura interior ou exterior que lles guste, e na que, preferentemente, non haxa persoas. Pode ser antiga ou recente. Pedirán aos seus familiares que lle conten cousas sobre esa fotografía: onde e como foi tomada, por que, que é o que se ve, etc.

Na páxina seguinte inclúese unha ficha de traballo para os alumnos relacionada con esta actividade. Poden utilizala como apoio na súa investigación persoal.

**'CADA IMAXE CONTA UNHA HISTORIA'**  
**FICHA DE TRABALLO**

**1. QUE É O QUE SABES DESTA FOTOGRAFÍA?**

- 1. Cando foi realizada?*
- 2. Onde foi tomada?*
- 3. Para que se fixo?*
- 4. Quen a fixo?*
- 5. Que podemos contar deste lugar?*

**2. QUE É O QUE PODES VER NA IMAXE?**

- 1. Que é o que ves na fotografía?*
- 2. Que elemento cres que é o principal?*
- 3. Que outras cousas aparecen na imaxe?*
- 4. Que podemos dicir deste lugar?*

**3. QUE QUERES CONTAR SOBRE ESTE ESPAZO?**

- 1. Por que has escolliches este espazo e non outro?*
- 2. Que é o que che gusta deste lugar?*
- 3. Cal é a súa historia?*

Unha vez completa a información, cada un redactará un pequeno texto no que, coma se dunha postal se tratase, resuma todo o que sabe grazas á investigación realizada. Imaxinemos que estamos no espazo da fotografía e que lle contamos aos nosos compañeiros a historia dese lugar, e por que o escollemos para que o coñezan...



**Queridos/as amigos/as:**

**Hoxe estou nun lugar moi especial no que...**

Unha vez finalizados os traballos dispoñemos un espazo na aula para expoñer todas as fotografías coas súas postais correspondentes. Cada un, co seu texto e a súa imaxe, fará unha presentación aos seus compañeiros.

### **Segunda parte**

Agora realizaremos o proceso de forma inversa, procurando espertar a súa creatividade. O profesor seleccionará unha fotografía do seu álbum ou unha imaxe dalgunha arquitectura que lle guste especialmente. Escribirá un pequeno texto narrativo no que se describa ese espazo, sen pararse demasiado nos detalles para que poida ser interpretado libremente polos alumnos.

Cada un realizará un debuxo dese lugar, tratando de resumir nunha imaxe a descrición que acabamos de escoitar. Colocaremos as nosas obras na zona de exposición e observaremos as diferentes interpretacións, fixándonos nas súas semellanzas e diferenzas.

## 2. '4 x 4'

### Tipo de actividade

Xogo de asociación de imaxes e textos antes da visita ao MARCO

### Duración

1 sesión de 50 minutos e traballo extraescolar

### Descrición

Un dos obxectivos deste programa didáctico é aprender a ver, a ler unha imaxe. As imaxes, como os libros, teñen moitas cousas que contar, e por iso é necesario observar e pensar sobre o que vemos se queremos saber o que nos contan. Durante a visita ao museo trataremos de desenvolver este interese pola observación, pero propoñemos un exercicio de introdución que se pode realizar a partir de imaxes de revistas e xornais. Na primeira parte relacionaremos imaxes con textos, e na segunda crearemos un texto para unha imaxe. Para finalizar propoñemos un xogo.

### Preparación

Necesitaremos 2 sobres grandes por cada grupo de alumnos. O profesor selecciona 4 imaxes, e 4 textos relacionados con elas, de revistas e xornais. Nun sobre grande metemos as imaxes, e no outro os fragmentos de textos. Dividimos os participantes en grupos de catro. A selección de textos e imaxes dependerá da idade dos participantes.

### Primeira parte

Entregamos os sobres de imaxes e textos aos alumnos. Todos os grupos traballan co mesmo material. Cada grupo ten que relacionar as imaxes cos textos observando os elementos clave que lles achegan información. A continuación presentan os seus resultados e explican as súas respostas. Podemos crear dous ou tres roldas de xogo nas que vaíamos elevando progresivamente o nivel de dificultade. Ao final de cada rolda veremos se todos os grupos conseguiron o mesmo resultado ou, se non é así, analizaremos as razóns que lles levaron a opinar de forma diferente.

### Segunda parte

Nesta segunda parte mantemos os grupos de traballo. A cada grupo entregámoslle unha imaxe sobre a que deben crear unha historia cun pequeno titular. Non debe ser demasiado descritiva, para deixar certa marxe de interpretación. Todos os grupos traballan coa mesma imaxe, polo que na posta en común descubriremos se coinciden as lecturas dunha mesma imaxe, ou se pola contra crearon versións diferentes.

### **Terceira parte**

Na terceira parte os propios grupos retarán aos seus compañeiros. Cada grupo debe realizar por separado o traballo de selección de imaxes e textos (4x4). Cando todos os grupos estean preparados, sortéase a quenda de saída para empezar a xogar.

O grupo que empeza escollerá a outro grupo para que acepte o desafío. Ambos os dous entréganse os seus respectivos sobres, e o grupo que resolva en menor tempo supera o desafío. O grupo que superou a primeira fase desafía a un novo grupo, e así sucesivamente, ata que todos participen. Gañará o desafío o grupo que supere máis roldas de xogo.

Podemos propoñer aos alumnos que decidan eles mesmos novos desafíos baseados en textos e imaxes, e pensar entre todos novos xogos, debatendo sobre as súas regras e modo de funcionamento.

## VISITA E OBRADOIRO NO MARCO

### Educación Primaria

#### **A visita á exposición**

Durante a visita abordaremos conceptos como que é o MARCO, cál é a súa función, e qué tipo de actividades realiza. Introducimos o concepto de exposición, explicando o contido da que van ver: '**CANDIDA HÖFER: Projects: Done**'.

O noso obxectivo é contribuír á educación visual do alumnado e desenvolver neles as habilidades necesarias para 'ler' unha imaxe. A través da obra de Höfer aprenderemos a ver unha fotografía, analizándoa visualmente e interpretando o seu contido. Fixarémonos nos diferentes tipos de imaxes, analizándoas por separado pero tamén en relación cun conxunto, cun proxecto expositivo.

#### **O obradoiro no Laboratorio das Artes**

##### ***Espazos privados***

Na etapa de educación primaria tratamos de utilizar a arquitectura de interior como un lugar de experimentación, transformando o espazo básico dunha caixa de cartón nunha obra na que traballamos aspectos do deseño de interiores (espazo, decoración, obxectos...) conectándoos ao concepto de identidade, xa que a proposta é construír un espazo privado, persoal, e cunha carga simbólica especial, posto que é ou vai ser habitado por alguén.

A segunda parte da actividade consiste nun proxecto fotográfico: agora é a imaxe fotográfica a que ten que captar a alma dese espazo. Experimentaremos algúns conceptos dos que xa falamos durante a visita, e falaremos de ángulos, perspectivas, composición, etc., aplicándoos ao noso proxecto.

## Actividades para despois da visita [OPCIONAL]

### 1. Espazos con personalidade

#### Tipo de actividade

Proxecto de investigación e debate sobre o espazo como reflexo de persoas e culturas

#### Duración

2 sesións de 50 minutos

#### Descrición

Como vimos na nosa visita á exposición de Candida Höfer, os espazos, como as persoas, poden ter diferentes personalidades: modesto, orgulloso, amigable, reservado, formal, divertido...

Na primeira parte da actividade centrarémonos en como vemos e sentimos un espazo, procurando analizar e identificar a súa 'personalidade' ou, o que é o mesmo, aquelas características que o fan único e diferente. A segunda parte ten un carácter máis persoal: nela cada participante relacionará a súa personalidade coa fotografía dun espazo co que se identifica.


#### Primeira parte

O profesor selecciona unha serie de imaxes de arquitectura, preferentemente aquelas nas que non haxa persoas, e preséntaas como unha proxección continua. Nun debate aberto iremos analizando cada imaxe por separado.

Para a elaboración da galería de imaxes suxerimos visitar a páxina **[www.wdl.org](http://www.wdl.org)**, que corresponde á Biblioteca Dixital da UNESCO e 32 institucións asociadas. Trátase dun recurso educativo de grande interese presentado en 2009, que consiste nun sitio web no que se poden consultar documentos culturais únicos de bibliotecas e arquivos do mundo enteiro. Contén manuscritos, mapas, libros raros, películas, gravacións sonoras, publicacións e fotografías, e o seu acceso é ilimitado e gratuíto.

Na páxina seguinte seleccionamos unha imaxe desta biblioteca que pode servir para abrir o debate co grupo.

**'ESPAZOS CON PERSONALIDADE'**  
**FICHA DE TRABAJO**



- **Que é o que vemos aquí?**
- **Que elementos podemos identificar neste espazo?**
- **Con que adxectivos poderíamos definir este lugar?**
- **Que tipo de persoas poderíamos atopar aquí?**
- **Que elementos nos dan esa información?**
- **Se fose unha persoa, que personalidade dirías que ten este espazo?**

A imaxe da páxina anterior corresponde ao documento: 'Descrición de Exipto', unha obra monumental encargada por Napoleón durante a invasión de Exipto en 1798.

Na web [www.wdl.org](http://www.wdl.org) atoparás a opción 'Navegar' no menú superior, onde se poden seleccionar os documentos por lugar, tempo, tema, tipo de artigo ou institución. Para a selección de imaxes recomendamos, dentro do menú 'Tipo de artigo', buscar 'Gravados e fotografías', que contén imaxes de todas as épocas e lugares que se poden utilizar libremente.

A selección dependerá da idade dos alumnos, e pódese presentar como proxección ou como fichas de traballo. A partir de aí pódese abrir o debate e contrastar opinións.

### **Segunda parte**

Os escolares deben condensar nun pequeno texto aspectos da súa personalidade. Unha vez listo o texto, buscarán ou tomarán fotografías de espazos que se correspondan coa súa forma de ser e de pensar. Por exemplo, unha fotografía do seu cuarto; un espazo exterior co que se identifican; lugares que lles gustan, etc. A única condición é que se trate de espazos e non de persoas ou obxectos.

Na seguinte sesión cada un achegará as súas imaxes, que serán presentadas na clase, de forma anónima. O resto do grupo deberá identificar a personalidade que lles transmite a imaxe, e finalmente a persoa que sacou a foto explicará que aspecto da súa personalidade quería expresar a través da fotografía dese espazo.

## 2. Proxecto-escola

### Tipo de actividade

Exercicio de creación a partir da observación do espazo. Montaxe dunha exposición.

### Duración

2/3 sesións de 50 minutos

### Descrición

Esta actividade consiste na realización dun proxecto que reflicta a individualidade de cada persoa á hora de ver e interpretar un espazo. Na exposición que visitamos no MARCO comprendimos que cada imaxe é o resultado dunha selección persoal. A fotógrafa Candida Höfer presentaba imaxes de espazos que non eran senón unha das múltiples visións que podería presentar deses espazos. Höfer di que cando chega a un lugar, sabe exactamente onde debe colocarse e cando debe realizar a fotografía; esa é a capacidade da artista para captar de forma única e irrepitible unha imaxe, e nela reflíctese a súa forma de entender a fotografía.


A partir desta forma de traballo e desta idea, crearemos unha exposición de fotografía co espazo do colexio como tema. Cada alumno achegará 3 imaxes de diferentes lugares e espazos. Traballaremos, como a fotógrafa, con espazos sen persoas para así captar mellor a alma dese lugar. Para a realización deste traballo prepararemos un visor en cartolina ou cartón, para que os nenos percorran antes os espazos con este instrumento que lles permite fixar a atención en detalles e perspectivas, como o farían co obxectivo dunha cámara.

Recordaremos na aula as fotografías que vimos na exposición e os conceptos dos que nos falaban, como composición, perspectiva, ángulo, luz, plano, encadre, detalle, etc. Non é necesario realizar unha fotografía o máis bonita ou completa posible, xa que o que buscamos é diferentes puntos de vista, incluíndo pequenos detalles, contrastes de luces e sombras, imaxes dende perspectivas orixinais e divertidas, e en xeral todo aquilo no que poidamos pensar.

En primeiro lugar prepararemos o visor. Para iso podemos utilizar o modelo da páxina seguinte. Seguimos as instrucións e pedimos axuda para recortar en caso necesario.

## CREACIÓN DO VISOR

\*PEGA ESTA FOLLA SOBRE CARTÓN OU CARTOLINA E CORTA O RECTÁNGULO DO CENTRO



Agora é o momento de organizarse. Necesitaremos unha cámara dixital que utilizaremos por quendas.

En primeiro lugar debemos percorrer os espazos do colexio, pero en momentos nos que non atopemos xente. Para iso, dentro do horario de clase organizaremos unha saída en común cos nosos visores para percorrer tranquilamente o colexio observando con atención os espazos. Debemos fixarnos en todo tipo de lugares, como corredores, comedores, vestíbulo, ximnasio, taquilla, patios, aula, etc., ofrecendo o máximo de posibilidades para conseguir un resultado máis completo.

Durante este paseo, cada un levará consigo unha libreta para realizar as súas anotacións. Así, cando seleccionemos un lugar podemos apuntar ou debuxar o que vemos e recordalo cando chegue a nosa oportunidade de tomar a fotografía.

Agora debemos organizar as quendas. Dividimos os alumnos en grupos de tres. De novo durante o horario de clase permitiremos a cada grupo facer unha saída para volver a aqueles espazos seleccionados e tomar a fotografía. Pode que esta actividade se realice durante varios días, dependendo do tempo que leve a realización das fotografías e do número de participantes.

Unha vez que todos realizamos as fotografías, imprimiremos as imaxes e montarémolas sobre cartolinas. Podemos crear os marcos utilizando as propias cartolinas.

Seleccionaremos un lugar para a exposición das imaxes, que pode ser a aula ou un espazo do colexio como corredor, biblioteca ou outra sala dispoñible para este fin. Cando estea montada a exposición invitaremos a outras clases a visitala e explicaremos o sentido e o tema deste proxecto, describindo todo o proceso de organización, dende a nosa vista ao museo ata a montaxe final.

## SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, a través do **teléfono**, **fax**, ou **correo electrónico**, ou da web [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com), á atención de:

Marta Viana Tomé  
Pilar Souto Soto  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento Didáctico  
Príncipe 54  
36202 Vigo  
Tel. +34 986 113900  
Fax +34 986 113901  
[marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com)  
[pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)  
[www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com)

Pedro A. Cordón Casais  
Asesor e autor do programa educativo